



Unha boa segunda parte

Peter Pan in Scarlet · Geraldine McCaughrean · David Wyatt (Ilust.)
· Ed. galega: **Peter Pan e a levita escarlata** · Silvia Carril (Trad.) · Obradoiro. 2006 · 282 páx. · 14,95 euros

“ *A medida que observades a Wendy podedes ver como se lle vai poñendo o pelo branco e a súa figura volve ser pequeniña, pois todo isto pasou hai moito tempo. Jane é agora unha persoa maior corrente cunha filla chamada Margaret e ao chegar a limpeza de primavera, salvo cando se lle esquece, Peter vén buscar a Margaret e lévaa ao País de Nunca Máis, onde ela lle conta historias sobre el mesmo, que el escoita con avidez. Cando Margaret medre terá unha filla, que á súa vez será a nai de Peter e así seguirán as cousas, mentres os nenos sexan alegres, inocentes e insensíbeis.* »

Con estas palabras remataba o *Peter Pan e Wendy* de J. M. Barrie, unha obra que acabaría por se converter nun dos grandes clásicos da literatura infantil e xuvenil.

Mathew Barrie era un autor teatral de considerábel éxito e un home solitario e acomplexado que, como consecuencia da súa amizade con Sylvia Llewelyn Davies –filla do escritor George du Maurier– dedicaba o máis do tempo a contarlles contos aos fillos desa viúva. Desá actividade xurdiría Peter Pan, o neno que non quere medrar e que lisca ao país de Nunca Máis, e que acabaría por publicarse en 1911 como novela. En 1930 editaríase a primeira tradución ao español, feita pola inxustamente esquecida escritora galega M^a Luz Morales.

Barrie cedeu os dereitos de autor desta obra ao hospital infantil Great Ormond Street que, ao ver que eses réditos caducaban en 2007, decidiu convocar un concurso no 2004 para que alguén escribise unha segunda parte de Peter Pan. A gañadora foi a veterana e exitosa escritora inglesa Geraldine McCaughrean,

con máis de duascientas obras publicadas (máis dunha ducia delas traducidas para o español) e especializada en adaptacións de clásicos. E así é como, no medio dun lanzamento digno do pequeno mago dos anteollos, atopamos este *Peter Pan e a levita escarlata*.

Agora o Neno Marabilloso é un rapazolo con mal xenio e o País de Nunca Xamais (sería máis afortunado traducir por Nunca Máis) un lugar inhóspito, ao que regresan algúns dos nenos perdidos para vivir unha nova aventura. Esta sempre haberá de se resolver nun encontro entre Peter e Garfo, porque eles dous son as forzas que manteñen Nunca Xamais en equilibrio. Por iso, porque a morte de Garfo na obra de Barrie desequilibrara o país e puxera frío onde só había quentura, a presenza de Wendy e os outros será unha sorte de resurrección de Peter Pan-Barrie, que deixara dito aquilo de «encántame andar en compañía de exploradores».

McCaughrean segue con fortuna a poética inducida por Barrie e conserva o que de máis literario había na obra orixinal: sinxelas metáforas cargadas de lirismo algo edulcorado, abundantes retazos de humor (inglés?), chiscadelas ao absurdo, a presenza permanente do dualismo neno-adulto... Tamén garda con acerto o universo narrativo creado polo autor orixinal. A autora organiza unha trama consistente e con momentos de gran brillantez (o paso polo Labirinto das Bruxas é un dos exemplos), onde a forza do relato –que sempre nas segundas partes vén pexada polo arrastre obrigado dos elementos narrativos da primeira– se impón, ata a partir dun determinado momento adonarse da historia e facela circular con independencia e mestría. A todo isto únense unhas atinadas ilustracións de David Wyatt, tan afeito a transitar mundos fantásticos pola súa proximidade á obra de Tolkien, que están cheas de dinamismo e dunha narratividade que redondean a obra.

// **Xabier P. DoCampo**